



## NORMAS PARA O USO DO SITIO WEB “RESERVA NATURAL DAS COUSAS BOAS” AVISO LEGAL

O uso e acceso aos contidos que alberga o presente Portal implica o coñecemento e aceptación, sen reserva ningunha, de todas as cláusulas incluídas baixo o presente texto de Aviso Legal que teñen como obxectivo informar os usuarios dos dereitos, usos, prohibicións, responsabilidades, etc., de aplicación ao navegar polo Portal

[www.reservanaturaldascousasboas.es](http://www.reservanaturaldascousasboas.es), titularidade de CAPSA.

O Portal [www.reservanaturaldascousasboas.es](http://www.reservanaturaldascousasboas.es) alberga contidos e produtos suxeitos a dereitos de propiedade intelectual e industrial. A utilización abusiva daqueles, fóra dos límites autorizados, será perseguida polas canles legais pertinentes, por iso aconsellamos o uso baixo os parámetros de responsabilidade e boa fe.

### **Obxecto**

Regular o acceso, navegación e uso da Páxina Web de CAPSA no seguinte enderezo [www.reservanaturaldascousasboas.es](http://www.reservanaturaldascousasboas.es). Do mesmo xeito, régulanse as responsabilidades derivadas da utilización dos seus contidos —textos, gráficos, debuxos, deseños, fotografías, software, códigos, bases de datos, imaxes, informacións, así coma calquera outra creación protexida polas leis nacionais e tratados internacionais sobre propiedade intelectual e industrial— que o titular pon á disposición dos usuarios a través da súa Páxina Web.

As condicións que rexen os diferentes servizos dispoñibles no Portal [www.reservanaturaldascousasboas.es](http://www.reservanaturaldascousasboas.es) están suxeitas á seguinte normativa, na parte que resulte de aplicación: Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e comercio electrónico; Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos persoais de carácter persoal; Real decreto 1720/2007 de desenvolvemento da lei orgánica de protección de datos; Lei 7/1996, do 15 de xaneiro, de ordenación do comercio polo miúdo; Real decreto lei 1/2007, do 16 de novembro, que aproba o texto refundido da Lei xeral para a defensa de consumidores e usuarios e outras leis complementarias; Lei 44/2006 de mellora da protección dos consumidores e usuarios, e normativa relacionada.

### **Titularidade**

De conformidade co artigo 10 da Lei 34/2002, do 11 de xullo, de servizos da sociedade da información e comercio electrónico, infórmase de que a Páxina Web accesible dende o dominio

[www.reservanaturaldascousasboas.es](http://www.reservanaturaldascousasboas.es) é titularidade de Corporación Alimentaria Peñasanta, S.A., (de agora en diante CAPSA) Sociedade inscrita no Rexistro Mercantil de Asturias, Tomo 1649, Folio 2, Folla n.º AS-9927, [J1] con CIF A-03161270[J2] e sita en Sierra de Granda, s/n, CP 33.199, Siero, Asturias.

CAPSA é titular ou dispón da correspondente licenza de uso sobre os diferentes contidos —textos, fotografías, debuxos, deseños, software, código fonte e informacións incorporadas con este fin— expostos ao longo

do Portal Web.

### **Contacto**

CAPSA pon á disposición un formulario de contacto, cuxo acceso atopará ao pé desta páxina, a fin de que remitan as súas consultas e suxestións.

### **Utilización da Páxina Web e Servizos**

A navegación e o uso do Portal, así como a maioría dos servizos contidos nel, son completamente gratuítos; cumprindo de forma expresa e sen ningún tipo de reservas o presente Aviso Legal.

Así mesmo, o usuario obrígase a usar correctamente o Portal, de conformidade co contido do presente Aviso Legal, principios de boa fe e lexislación vixente. Prohíbese explicitamente calquera uso ilícito, contrario á orde pública ou lesivo dos dereitos e intereses das persoas, reservándose CAPSA nos devanditos casos o seu dereito a emprender as accións xudiciais que considere oportunas.

### **Dereitos de Propiedade Intelectual e Industrial**

CAPSA é titular ou ten a correspondente licenza de uso sobre os dereitos de explotación de propiedade intelectual e industrial do Portal "leitelarsa.es", así como dos contidos dispoñibles a través del, entre outros: os textos, gráficos, deseños, logotipos, marcas, nomes comerciais, fotografías, imaxes, deseños, contidos audiovisuais ou sonoros, software, bases de datos.

O feito de lles permitir aos usuarios o acceso ao Portal non implicará, en ningún caso, a renuncia, transmisión, licenza ou cesión, total nin parcial, dos devanditos dereitos por parte de CAPSA.

Con carácter meramente enunciativo, que non limitativo, prohíbeselles aos usuarios do Portal [www.reservanaturaldascousasboas.es](http://www.reservanaturaldascousasboas.es) levaren a cabo calquera das actuacións que deseguido se relacionan:

- Suprimir, eludir ou manipular calquera dato de identificación dos dereitos do titular do Portal ou dos seus titulares incorporados aos contidos, así como os dispositivos técnicos de protección, ou calquera mecanismo de información ou identificación que se incorporen aos contidos.
- Modificar, copiar, reutilizar, explotar, reproducir, comunicar publicamente, facer segundas ou posteriores publicacións, cargar arquivos, enviar por correo, transmitir, usar, tratar ou distribuír de calquera forma a totalidade ou parte dos contidos incluídos baixo o presente Portal para propósitos públicos ou comerciais sen autorización expresa e por escrito de CAPSA; ou, de ser o caso, do titular dos dereitos que corresponda.
- Reproducir, copiar, extraer ou reutilizar, para uso privado ou para comunicación pública, aqueles contidos considerados como Software ou Base de Datos, a teor do exposto polo texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

O dominio [www.reservanaturaldascousasboas.es](http://www.reservanaturaldascousasboas.es), titularidade de CAPSA, non poderá ser utilizado en conexión con outros contidos, produtos ou servizos que non sexan titularidade de CAPSA cando poidan causar confusión entre os usuarios finais ou o descrédito daquela.

### **Responsabilidades**

O titular do sitio Web non se fai responsable, a título enunciativo, das seguintes actuacións:

- Mal uso do Portal por parte dos seus usuarios.
- A continuidade dos contidos do Portal.
- Os danos ou prexuízos que causar calquera persoa, ben a si mesma ou a terceiras, en infracción das condicións, normas e instrucións que o titular

establece no Portal.

- A presenza de virus ou demais compoñentes daniños no Portal ou no servidor que os subministra, tanto no relativo á visualización dos contidos polos usuarios como á súa descarga.
- Os contidos e servizos prestados por outras Páxinas Web ás se que poida ter acceso dende o presente enderezo de Internet.
- O mal funcionamento de software ou plug-ins —descarga que puidese realizarse dende a ligazón establecida con este fin— necesarios para a visualización de determinados contidos albergados no presente Portal.
- A invulnerabilidade do Portal, nin do software utilizado, distribuído ou obtido do mesmo.
- O maior ou menor rendemento dos contidos albergados no Portal.
- Os danos ocasionados pola vulneración dos sistemas de seguridade albergados ou inseridos a través do Portal.

#### **Duración e Modificación**

O presente Aviso Legal ten a vixencia que dura a súa exposición. Por iso, CAPSA aconséllalles aos usuarios que lean con atención o seu contido cada vez que accedan ao Portal, único modo de coñecer o seu texto actualizado, xa que CAPSA non está obrigada a notificarlles os seus cambios de forma persoal aos usuarios.

Así mesmo, CAPSA resérvase o dereito de modificar unilateralmente as presentes condicións, en calquera momento, na súa totalidade ou parcialmente. A dita modificación producirá efecto dende a súa publicación no Portal, máis concretamente, dende a súa inserción na ligazón “Política de Privacidade”.

#### **Suspensión**

CAPSA poderá optar, unilateralmente, por interromper, suspender ou dar por finalizado o acceso aos contidos do Portal, con independencia do disposto no Aviso Legal. As devanditas situacións non alterarán a vixencia das prohibicións de uso dos contidos expostos ao longo do presente escrito. CAPSA tomará as medidas pertinentes, na medida en que lle for posible, para avisar os usuarios das devanditas circunstancias, suspensión, interrupción ou termo de acceso aos contidos.

#### **Nulidade e Ineficacia**

No caso de que calquera extremo das presentes condicións sexa considerado nulo ou inaplicable, parcial ou totalmente, por calquera xulgado, tribunal ou órgano administrativo competente, a dita nulidade ou inaplicación non afectará ao resto das condicións contidas no Portal.

O non exercicio ou execución, por parte de CAPSA, de calquera dereito ou disposición contido nestas condicións non constituirá renuncia ao mesmo, agás recoñecemento e acordo escrito pola súa parte.

#### **Lei Aplicable e Xurisdición**

Todas as cláusulas inseridas no presente texto de Aviso Legal se rexen pola normativa española. Todo conflito, controversia ou situación derivada das presentes condicións será sometido aos xulgados e tribunais de Oviedo, renunciando expresamente as partes a calquera outro foro que puider corresponderlles.

#### **POLÍTICA DE PRIVACIDADE DE LEITE LARSA**

##### **Protección de datos**

En cumprimento do disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (en diante “LOPD”), Corporación Alimentaria Peñasanta, S.A. (en diante CAPSA) informa o usuario de que

todos os datos de carácter persoal que nos proporcione a través da web serán incorporados a ficheiros, creados e mantidos baixo a responsabilidade de CAPSA (para as persoas que faciliten os seus datos no website [www.reservanaturaldascousasboas.es](http://www.reservanaturaldascousasboas.es)).

Os datos de carácter persoal serán utilizados coa finalidade de xestionar os servizos ofrecidos, tramitar pedidos, realizar tarefas administrativas, así como para remitir-lles información técnica, comercial ou publicitaria, por vía ordinaria ou electrónica, aos usuarios sobre produtos ou servizos que poidan ser do seu interese. A tal aceptación sempre terá carácter revogable. CAPSA procurará establecer mecanismos sinxelos e gratuítos, a ser posible, nas súas comunicacións.

O uso dos formularios e servizos do presente sitio web está limitado a usuarios maiores de idade ou, en todo caso, a menores baixo a tutela e autorización do seu titor ou representante legal. Ao utilizar calquera dos formularios ou servizos, vostede comprométese a cumprir con este requisito e acepta as consecuencias que se deriven en caso de non se axustar ao establecido no Aviso Legal.

CAPSA garante a confidencialidade e seguridade dos seus datos de carácter persoal cando estes son obxecto de tratamento, contando coa implantación de políticas de tratamento e medidas de seguridade (técnicas e organizativas) ás que se refire o artigo 9 LOPD. As políticas de tratamento e medidas de seguridade implantadas en CAPSA evitan a alteración, perda, tratamento ou uso non autorizado dos seus datos de carácter persoal.

A resposta aos formularios elaborados para recibir información dos servizos, actividades ou eventos ofrecidos por CAPSA, así como de calquera outro cuestionario que se poida facilitar nun futuro, é totalmente potestativa. No entanto, a negativa do usuario a facilitar determinados datos poderá supoñer a imposibilidade de levar a cabo o servizo ofrecido por ou solicitado a CAPSA.

Ao facilitar voluntariamente os datos persoais de terceiros, vostede recoñece ter o consentimento dos devanditos terceiros para a cesión dos seus datos, e CONSENTE EXPRESAMENTE no seu tratamento, automatizado ou non, por parte de CAPSA, os seus departamentos ou entes colaboradores, así como na súa cesión a outras entidades cuxa conexión cos seus datos sexa necesaria ou legalmente obrigatoria. Este consentimento será revogable. Con tal fin, CAPSA infórmao de que pode exercitar os seus dereitos ARCO (acceso, rectificación, cancelación e oposición) consonte o previsto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal:

- Enviando unha carta —achegando a fotocopia do seu DNI— a Corporación Alimentaria Peñasanta, S.A. Sierra de Granda, s/n, 33199 Siero, Asturias.
- Por favor, se a relación foi establecida por correo electrónico, facilítenos o correo electrónico co que nos contactou ou se inscribiu para axilizar a súa solicitude (utilícese este campo como criterio de busca).

**LSSICE (Envíos de correos informativos sobre eventos, actividades, noticias de interese, etc.)**

CAPSA, co obxecto de garantir o cumprimento da LSSICE (Lei de sociedade da información e comercio electrónico) incluírá en todas as comunicacións (asociadas ao presente dominio) vía email, un clausulado legal de carácter informativo onde habilitará ferramentas (correo electrónico ou automatismo para darse de baixa) a fin de garantir o exercicio de oposición á recepción de comunicacións electrónicas de ámbito informativo ou comercial de forma

automática. O obxecto deste clausulado é poñer á súa disposición mecanismos sinxelos e sen custo para o exercicio do tal dereito (dereito de Oposición).

**Cadro Resumo de Exercicio de Dereitos ARCO (fórmulas e canles):**

O usuario terá acceso ao seu Dereito ARCO (Acceso, Rectificación / Modificación, Cancelación ou Oposición) mediante correo postal indicando a súa petición e achegando unha Fotocopia do DNI para garantir a súa identificación.

**Uso de "Cookies" e Análise de Navegación do Sitio Web**

En CAPSA preocupámonos pola privacidade dos seus datos e por iso garantímoslle a maior confidencialidade no seu tratamento.

Esta páxina web utiliza Google Analytics, un servizo analítico de web prestado por Google. Google Analytics utiliza "cookies", que son arquivos de texto situados no seu ordenador para axudar ao Sitio Web a analizar o uso que fan del os usuarios. A información que xera a cookie acerca do seu uso do Sitio Web (incluíndo o seu enderezo IP) será directamente transmitida e arquivada por Google nos servidores de Estados Unidos. Google utilizará esta información pola nosa conta co propósito de avaliar o uso do Sitio Web, recompilando informes da actividade do Sitio Web e prestando outros servizos relacionados coa actividade do Sitio Web e o uso de Internet.

Pode vostede desestimar o tratamento dos datos ou a información rexeitando o uso de cookies mediante a selección da configuración axeitada do seu navegador; non obstante, debe saber que se o fai é posible que non poida aproveitar a plena funcionalidade deste Sitio Web.

© 2013. CAPSA. TODOS OS DEREITOS RESERVADOS